

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de agosto de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS.- Aprobouse a licenza urbanística para legalización e execución de obras de remate de edificio de vivendas en execución con licenzas 468/2007 e 291/2010, consistentes en legalización das modificacións realizadas con respecto ao proxecto coas dúas licenzas e para a execución das obras correspondentes ás novas modificacións para rematar o edificio en plantas altas do edificio (5+baixo cuberta para 29 vivendas), na rúa San Eufrasio, 104-106-108.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación da obra de “Refuerzo de firme en la avenida da Coruña. Tramo Perpetuo Socorro-Illas Cíes”. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2024-C002-000008.

- Tamén se aprobou a concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería-restaurante anexa ao Centro de Empresas e Innovación (complexo Cei-Nodusespazo> lab-Parque de Bombeiros. Aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como da adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2024-C012-000004.

- E tamén a contratación do mantemento dos sistemas de virtualización de aplicacións Citrix do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2024-C004-000011. Adxudicación.

3. FOMENTO.- Aprobouse o convenio interadministrativo de cooperación

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac2146826778071860306.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-8-2024

entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Promoción e dinamización dos mercados locais” no Concello de Lugo, ano 2024.

- Tamén se aprobou a addenda de modificación do convenio de colaboración entre a axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia, cofinanciadas parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

4. PERSOAL.- Aprobouse o pase á segunda actividade dun membro da Policía Local do Excmo. Concello de Lugo (Exp. Tecol 2024/G004/000549).

5. FACENDA LOCAL.- Aprobáronse as solicitudes de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente ás solicitudes de licenzas urbanísticas para ampliación de nave para corte e enfermería, con licenza urbanística número 330/2018, en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo e para construción de edificio na esquina de Ronda das Fontiñas con Carril de Caiñós, parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36), ao realizarse parcialmente as devanditas obras na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

<i>Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.</i>
--